



CORRELINGUA 2019

FEBREIRO 2019
BOLETÍN INFORMATIVO



FESTAS FINAIS 2019

O Correlingua 2019 está en marcha e levará o lema **o galego é a fórmula** a doce vilas e cidades galegas durante a primeira quincena de maio. Xa hai máis de 10.000 alumnas e alumnos anotados á gran festa da lingua, mais se no voso centro aínda non vos decidistes queremos animarvos agora descubrindo as persoas encargadas de presentar e animar cada festa:

- 2 de maio: Cangas**; presenta Cé Orquestra Pantasma
- 3 de maio: A Coruña**; presenta Cé Orquestra Pantasma
- 6 de maio: Santiago de Compostela**; presenta Isabel Risco
- 7 de maio: Ribadeo**; presenta Isabel Risco
- 8 de maio: Lugo**; presenta Luís O Caruncho
- 8 de maio: Pontearreas**; presenta Cé Orquestra Pantasma
- 9 de maio: Narón**; presenta Isabel Risco
- 10 de maio: A Estrada**; presenta Isabel Risco
- 13 de maio: Monforte de Lemos**; presenta Isabel Risco
- 14 de maio: Vigo**; presenta Isabel Risco
- 15 de maio: Ourense**; presenta Isabel Risco
- 16 de maio: Pontevedra**; presenta Isabel Risco

Animádevos a participar co voso centro na 19 edición do Correlingua!

INSCRICIÓNS

Se aínda non estades anotados no Correlingua 2019 podedes facer a inscrición cubrindo os campos do formulario web en correlingua.gal/calendario-e-inscricions/inscripcion-na-festa-final. O prazo de inscrición nas festas finais remata o 15 de abril. Facede a inscrición e comezade a preparar a vosa participación na festa da nosa lingua!

CANTALINGUA

É o concurso musical do Correlingua. A través del escóllense os solistas ou bandas que pecharán as festas finais do Correlingua. As primeiras propostas xa chegaron e podedes escoitalas en correlingua.gal/cantalingua/cantalingua-2019.

Para coñecer máis o Correlingua podedes atoparnos na nosa web (www.correlingua.gal), nas páxinas de Instagram e Facebook [Correlingua](#) e na canle de Youtube [Correlingua TV](#). Tamén podedes contactar con nós a través dos enderezos de correo electrónico correlingua@gmail.com e correlingua@correlingua.gal